

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA TRANSFORMADORA STR 66/20 KV PARA A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA AO POLÍGONO INDUSTRIAL A MEDELA

(Asinado electronicamente o 16.11.2024)

REÚNENSE

A conselleira de Economía e Industria, _____, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

O alcalde do concello de Valga, _____, elixido mediante acta da sesión constitutiva da nova corporación do 17.01.2023 e actuando en representación deste concello polas atribucións dadas polo art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía e Industria ten, entre as súas competencias, a promoción e dinamización da economía, o impulso da política económica e industrial, o apoio xeral ao sector empresarial fomentando a mellora da competitividade das empresas, así como a promoción e o fomento do crecemento e consolidación das empresas.

SEGUNDO.- O Concello de Valga ten, entre os seus obxectivos, o fomento da actividade económica industrial no seu termo municipal, como factor clave para a creación de riqueza e emprego na zona.

Entre as actuacións prioritarias, necesarias para acadar este obxectivo, atópase a finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR

66/20 kV para a subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela, para dotar a un ámbito urbanístico de desenrolo e desenvolvemento industrial das condicións que permitan a súa operatividade e, polo tanto, a radicación de novas empresas ou preexistentes no termo municipal co impacto que isto pode ter ou pode supor para o crecemento económico do municipio, do conxunto da Comunidade Autónoma e do Estado.

TERCEIRO.- Esta obra foi obxecto dunha subvención ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2021 para obras de reforzo e extensión de redes de distribución eléctrica (DOG núm.17 do 26.01.2022). Ao abeiro desta Orde, concedéronse catro axudas a outros tantos concellos: tres renunciaron e unicamente o Concello de Valga iniciou a execución das obras. Porén, desde a concesión, o concello trasladou diversas dificultades durante a súa execución que obrigaron á realización de reaxustes de anualidades e diversas prórrogas. Nestes momentos, a obra está en fase de execución e unicamente se atopa nesta circunstancia ao obra relativa ao Concello de Valga, posto que os restantes beneficiarios renunciaron á subvención. Para que o concello poda rematar a obra é preciso acometer as actuacións que se describen no presente convenio e que completan ás que se levan executando desde o ano 2022, dado o interese que esta actuación ten e que queda reflectido no punto seguinte.

CUARTO.- A actuación indicada está perfectamente aliñada coas competencias e obxectivos da Consellería de Economía e Industria, quen, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, exerce, entre outras, a competencia de propoñer estratexias no ámbito da política industrial e enerxética dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e a análise e proposta de medidas idóneas para a Comunidade Autónoma de Galicia que aseguren o impulso do binomio enerxía-industria, de forma que o aproveitamento dos recursos enerxéticos en Galicia maximice o seu impacto positivo na actividade e emprego industrial.

Polo tanto, de acordo co exposto, existe un interese mutuo e converxente, por parte das dúas entidades, na finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR 66/20 kV para a subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela.

A Consellería de Economía e Industria e o Concello de Valga, recoñecendo as competencias mutuas, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Valga para a finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR 66/20 kV para a subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela, o que permitirá o desenvolvemento futuro de actividades económicas e industriais na dita zona.

SEGUNDA.- Actuación a desenvolver

Como consecuencia do desenvolvemento do polígono industrial A Medela, no municipio de Valga, Pontevedra, existen solicitudes de novas subministracións e non existe actualmente unha capacidade de infraestrutura eléctrica capaz de dar resposta a estas necesidades. Por este motivo, proxectouse unha nova subestación alimentada a 66 kV, con transformación a 20 kV. A alimentación a esta nova subestación realizarase mediante a construción dunha nova liña eléctrica, de aproximadamente 0,05 km de lonxitude e de dobre circuíto a 66 kV, que conectará a nova subestación STR MEDELA sita en Valga coa LAT DC a 66 kV existente, de interconexión das subestacións de Padrón e Tibo.

Para a execución desta actividade, e tendo en conta as actuacións xa realizadas durante os anos 2022 e 2023, as actuacións a acometer ao longo da vixencia do presente convenio son as que se inclúen no orzamento achegado polo Concello de Valga e que consta no anexo II do presente documento, sendo as principais as que se indican a continuación:

- Movemento de terras para o acondicionamento da parcela onde estará situada a subestación, co acondicionamento da parcela e o recheo e estendido de grava.
- Edificio de celdas, prefabricado en formigón.
- Execución dunha bancada para o transformador de potencia, depósito de aceites, cimentacións necesarias para autoválvulas e soporte módulo híbrido, tubaxes e arquetas de paso.
- Rede de drenaxe e de terras.

- Vías e peches, coa execución completa da vía principal de formigón.
- Estrutura metálica para módulo híbrido, autoválvulas e termas condutores.
- Remate da obra electromecánica, coa instalación completa do transformador de 15 MVA, o módulo híbrido e o transformador SSAA 50 kVA.
- Actuacións necesarias en materia de protección, control e medida
- Actuación relativa ás instalacións 20 kV.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

A Consellería de Economía e Industria, por medio da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, achegará ao Concello de Valga, na súa calidade de beneficiario, un 80% dos gastos subvencionables debidamente xustificadas, cunha achega máxima total de 650.687,33 euros, de tal xeito que a máxima achega correspondente á anualidade 2024 será de 188.615,54 euros con cargo á partida orzamentaria 39.02.732A.760.0, proxecto contable 2020-00011, e a achega máxima correspondente á anualidade 2025 será de 462.071,79 euros, con cargo á partida orzamentaria 09.02.732A.760.0, proxecto contable 2020-00011, ao levar a cabo as actuacións obxecto do convenio.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda anteriormente indicada respecto aos gastos elixibles debidamente xustificadas.

CUARTA.- Obrigas do Concello de Valga

O Concello de Valga, como beneficiario, levará a cabo as actuacións obxecto do convenio, que é a finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR 66/20 kV para a subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela, cuxas características se inclúen como anexo I a este convenio.

Así mesmo, deberá cumprir cos seguintes requisitos ou obrigas:

1. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo.
2. Xustificar documentalmente os investimentos realizados, tanto xustificación parcial (anualidade 2024) como final (anualidade 2025), de acordo co establecido neste convenio e na normativa vixente.
3. Comunicar á Consellería de Economía e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía e Industria.
5. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución destas actuacións, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
6. De acordo co artigo 40 apartado 1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, o Concello de Valga está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. O Concello de Valga procederá ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de mora devindicados desde o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
8. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
9. Acreditar ante a Consellería de Economía e Industria, con anterioridade á sinatura do presente convenio, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade

social, para o que poderá presentar unha declaración responsable consonte ao artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se proba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

10. Cumprir coas esixencias do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. En particular, deberá acreditar ante a Consellería de Economía e Industria, con anterioridade á sinatura do presente convenio, ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais.
11. Cumprir co resto dos requisitos e das obrigas recollidas no artigo 11º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Contía da achega económica e custo das actuacións

1. Para o financiamento dos gastos que xeren a actividade obxecto do convenio, a Consellería de Economía e Industria achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma o 80% dos gastos subvencionables debidamente xustificadas, ata un máximo de SEISCENTOS CINCUENTA MIL SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (650.687,33 euros), coa seguinte distribución:
 - Ano 2024: 188.615,54 euros, con cargo á partida orzamentaria 39.02.732A.760.0, proxecto contable 2020-00011, na que existe crédito axeitado e suficiente para tal fin.
 - Ano 2025: 462.071,79 euros con cargo á partida orzamentaria 09.02.732A.760.0, proxecto contable 2020-00011, na que existe crédito axeitado e suficiente para tal fin.

Anualidade	Código proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	2020/00011	39-02-732A-760.0	188.615,54 €
2025	2020/00011	09-02-732A-760.0	462.071,79 €
		Total	650.687,33 €

Este orzamento vai dirixido a sufragar os gastos derivados das actuacións necesarias para finalizar a execución da nova subestación eléctrica e infraestruturas asociadas indicadas na cláusula segunda.

O Concello de Valga achegou o orzamento desagregado por partidas que se anexa ao presente documento (anexo II). A distribución prevista, de acordo co disposto no orzamento, é a seguinte:

- Ano 2024: 235.769,43 euros
- Ano 2025: 735.146,92 euros

De acordo co anterior, a porcentaxe de achega da Consellería de Economía e Industria para cada anualidade será do 80% dos gastos subvencionables debidamente xustificadas, cunha achega máxima total de 650.687,33 euros, de tal xeito que a máxima achega correspondente á anualidade 2024 será de 188.615,54 euros e a achega máxima correspondente á anualidade 2025 será de 462.071,79 euros.

2. O custo total previsto da actividade obxecto do convenio detállase a continuación por tipo de concepto de gasto:

Tipoloxía da actuación	Tipoloxía de gasto/gastos subvencionable	Importe
Finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica	Gastos de persoal	-
	Subministracións e servizos	970.916,35 €
	Outros	-
	TOTAL	970.916,35 €

3. Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á Consellería de Economía e Industria, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Cronograma

As actuacións obxecto deste convenio realizaranse de acordo co seguinte cronograma, que condiciona os pagamentos a realizar ao beneficiario, correspondentes ás contías previstas para cada anualidade:

- Ata o 05.12.2024 (incluído): xustificación por parte do Concello de Valga da actuación relativa á anualidade 2024.
- Do 06.12.2024 a 31.12.2024: comprobación e validación, de ser o caso, por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, da xustificación do Concello de Valga correspondente á anualidade 2024. No caso de que a xustificación sexa conforme, procederase ao pagamento da contía correspondente á xustificación dos investimentos realizados no ano 2024, de acordo con este convenio.
- Ata o 15.11.2025 (incluído): execución e xustificación por parte do Concello de Valga da actuación correspondente á anualidade 2025.
- Do 16.11.2025 a 31.12.2025: comprobación e validación, de ser o caso, por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, da xustificación do Concello de Valga correspondente á anualidade 2025. No caso de que a xustificación sexa conforme, pagamento da contía correspondente á xustificación dos investimentos realizados no ano 2025, de acordo con este convenio.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os establecidos no prego de condicións técnicas emitido pola empresa distribuidora para o reforzo e extensión da rede de distribución

eléctrica, sempre que os ditos gastos deban ser asumidos polo Concello de Valga, conforme ao establecido no artigo 25.3 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

Para a anualidade 2024, consideraranse subvencionables todos os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a data de xustificación do investimento, o 5 de decembro de 2024. Para a anualidade 2025, consideraranse subvencionables todos os gastos realizados desde o 6 de decembro de 2024 ata o 15 de novembro de 2025.

Non se valorarán, a efectos de investimento, os gastos que se realicen en pagamento de taxas, licenzas, gastos sometidos a aranceis ou os correspondentes a investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos, salvo que se acredite que non son susceptibles de recuperación ou compensación, ni os impostos persoais sobre a renda.

Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

Tamén son subvencionables os gastos de redacción de proxecto, de dirección de obra e os gastos do cartel informativo e da placa explicativa permanente, co obxecto de dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento.

Para ser subvencionables, as actuacións deberán estar en condicións de ser utilizadas unha vez finalizado o prazo de xustificación.

De acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables os efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto.

Ademais, consideraranse gastos realizados, de acordo co disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, cando o órgano competente da entidade local contabilízase o recoñecemento da obriga.

OITAVA.- Subcontratación e os seus límites

Permítese a subcontratación total ou parcial ata o 100 % das actuacións, estando suxeita ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao disposto no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo de que, no caso de que os concellos precisen da contratación externa de determinados traballos incluídos no proxecto subvencionado, debe atermose ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En todo caso, a Consellería de Economía e Industria poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo, así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

NOVENA.- Vixencia

Este convenio entrara en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Admitiranse actividades do presente convenio anteriores a súa sinatura desde o 1 de xaneiro de 2024 que teñan a característica de subvencionables.

DÉCIMA.- Compatibilidade con outras axudas

Consonte ao establecido no artigo 40 do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade da axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 11º, apartado d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia os beneficiarios deberán cumprir coa obriga de comunicar á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos sexan obtidas para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Prazo e forma de xustificación

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 5 de decembro de 2024 para a anualidade 2024 e o 15 de novembro do 2025 para a anualidade 2025. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 5 de decembro de 2024 para a xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2024, e do 6 de decembro de 2024 ao 15 de novembro de 2025 para a anualidade 2025.

A documentación necesaria para a xustificación é:

- a) Certificación expedida pola Secretaría do concello, co visto e prace da persoa titular da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: Identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data do recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- b) Facturas orixinais das actuacións realizadas. Cando o concello beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia auténtica electrónica da factura orixinal en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Non obstante, no presente procedemento admitiranse as facturas orixinais en papel ou copias debidamente compulsadas, no caso de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica por parte da Administración para emitir copias auténticas electrónicas.

- c) Para o caso no que non se aplique o disposto na cláusula sétima do presente convenio, por canto se considerarán gastos realizados cando o órgano competente da entidade local contabilizase o recoñecemento da obriga, de acordo co disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, achegárase xustificante de pagamento das facturas mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio e a data límite da xustificación,. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor

do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo, así como os xustificantes obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

- d) Certificación de obra das actuacións realizadas na rede de distribución.
- e) Certificado da Secretaría da entidade local en que se indique que o procedemento de contratación pública se realizou consonte a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e onde se indiquen, ademais, o adxudicatario do contrato e o importe de adxudicación.
- f) Certificado da Secretaría ou Intervención en que se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario.
- g) Proxecto de execución. No caso de non dispoñer deste por tratarse dunha obra que non o requira legalmente, achegarase a documentación técnica que serviu de base para levar a cabo a actuación.
- h) Informe técnico en que se describa a realización da actuación e os datos e incidencias máis significativos na súa execución, asinado por un técnico municipal.
- i) Declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.
- j) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional

establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a Lei, correspondan.

Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, entenderase que renuncia ao convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Control

A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

Alén do anterior, estarán sometidas á labor interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, coa obriga por parte dos beneficiarios de achegar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das anteriores actuacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da Consellería de Economía e Industria, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas,

subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Economía e Industria e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio e velar polo cumprimento do seu obxecto, constituirase unha Comisión de Seguimento, composta por un representante de cada unha das partes asinantes do presente convenio, con nomeamento de titular e suplente.

DÉCIMO QUINTA.- Confidencialidade

O beneficiario comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que teña o dito carácter.

Cando o beneficiario desexe utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización da Consellería.

DÉCIMO SEXTA.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades contempladas no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro e reintegro da axuda

Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos e termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O reintegro das axudas rexeráse polo establecido no Título II da Lei de subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.

Na gradación dos posibles incumprimentos que determinen a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:
 - 1. O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará á devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
 - 2. A realización de gastos fóra do prazo de execución suporá a devolución das cantidades investidas fóra de prazo.
 - 3. A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido nas cláusulas do presente convenio, levará á devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- a) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

DÉCIMO OITAVA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento de toda a subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

DÉCIMO NOVENA.- Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención instrumentalizada no presente convenio dará lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei; e, en particular cómpre estar ao disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, segundo o cal "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira".

VIXÉSIMA.- Natureza e resolución de conflitos

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle á Conselleira de Economía e Industria a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa lei reguladora de dita xurisdición.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Supletoriedade

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade, asínase electronicamente por todas as partes.

Pola Consellería
de Economía e Industria

Polo Concello de Valga


ANEXO I: CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO PROXECTO

- Obxecto do proxecto: nova subestación STR MEDELA alimentada a 66 kV, con transformación a 20 kV, situada xunto á poboación de Valga, Pontevedra.
- Planos da actuación:


PLANO 1: LOCALIZACIÓN




- PLANO 2: PLANTA XERAL SOBRE PARCELARIO




- PLANO 3: ESQUEMA ELÉCTRICO UNIFILAR SIMPLIFICADO




- PLANO 4: EDIFICIO DE CELDAS



• PLANO 5: OBRA CIVIL. DETALLES VIAL



- PLANO 6: LAT DC 66 KV



ANEXO II: PREVISIÓN DE EXECUCIÓN FACILITADA POLO CONCELLO DE VALGA

 CONTRATO DE CONSTRUCCIÓN DE SUBESTACIÓN ELÉCTRICA 66/20 KV PARA ALIMENTAR AO POLÍGONO DE A MEDELA (VALGA-PONTEVEDRA)		dic-24	ene-25	feb-25	mar-25	abr-25
CAPITULO 01.01: OBRA CIVIL						
CAPITULO 01.01.01: MOVIMIENTO DE TIERRAS						
01.01.01.01	Acondicionamiento de parcela	484,15 €				
01.01.01.02	Relleno y extendido gravas		- €	679,05 €		
CAPITULO 01.01.02: EDIFICIO DE CONTROL						
01.01.02.01	Ud. Edificio prefabricado de hormigón (Sala de Celdas)			12.890,63 €		
CAPITULO 01.01.03: CIMENTACIONES Y CONDUCTOS DE CABLES						
01.01.03.01	Bancada de transformador de potencia	50.050,00 €				
01.01.03.02	Depósito de recogida de aceites	9.625,00 €				
01.01.03.03	Cimentación soporte autoválvulas de 66 kV	1.501,48 €				
01.01.03.04	Cimentación soporte módulo híbrido	4.235,00 €				
01.01.03.05	Tubería PE doble pared 125 mm con hormigón	479,94 €				
01.01.03.06	Tubería PE doble pared 200 mm con hormigón	310,46 €				
01.01.03.07	Arqueta de paso de cables de control (0,4x0,4)m	429,02 €				
01.01.03.08	Arqueta de paso de cables de control (0,6x0,6)m	350,34 €				
01.01.03.09	Arqueta de paso de cables de MT (0,9x1,2)m	482,63 €				
CAPITULO 01.01.04: RED DE DRENAJE Y OTROS SERVICIOS						
01.01.04.01	Partida alzada de instalación de drenaje en SET	14.877,72 €				
CAPITULO 01.01.05: RED DE TIERRAS						
01.01.05.01	Tendido cable cobre y excavación 0,4x0,6 m.	20.798,40 €				
01.01.05.02	Terminales P. a T. Zanja 40x60 cm =<4 m.	135,37 €				
01.01.05.03	Pica bimetálica 2,00 m.	43,75 €				
CAPITULO 01.01.06: VIALES Y CERRAMIENTOS						
01.01.06.01	Cerramiento exterior de SET	1.716,02 €				
01.01.06.02	Demolición y retirada cerramiento exterior existente SET	875,17 €				
01.01.06.03	Vial secundario de acceso a obra (HA, 6m anchura)	1.415,92 €				
01.01.06.04	Vial principal de hormigón (HA, 6m anchura)			7.151,10 €		

continúa na páxina seguinte

 CONTRATO DE CONSTRUCCIÓN DE SUBESTACIÓN ELÉCTRICA 66/20 KV PARA ALIMENTAR AO POLÍGONO DE A MEDELA (VALGA-PONTEVEDRA)		dic-24	ene-25	feb-25	mar-25	abr-25
CAPITULO 01.02: ESTRUCTURA METÁLICA						
01.02.01	Estructura soporte módulo híbrido 66 Kv		- €	786,50 €		
01.02.02	Estructura soporte autoválvula 66 kV		- €	257,40 €		
01.02.03	Estructura soporte temas conductores			916,27 €		
CAPITULO 01.03: OBRA ELECTROMECAÁNICA						
01.03.01	Tubo Aleación Aluminio 50/42			368,35 €		
01.03.02	Conductor Al-Ac, tipo LA-280, embarrado auxiliar			54,51 €		
01.03.03	Conductor RHZ1-OL Aluminio 12/20 kV 1x240 mm2			1.054,15 €		
01.03.04	Transformador 15 MVA			- €	- €	532.818,54 €
01.03.05	Módulo híbrido de 66 kV	127.959,07 €	- €	34.646,93 €		
01.03.06	Pararrayos 66 kV			6.756,75 €	- €	
01.03.07	Transformador SSAA 50 kVA			7.793,50 €	- €	
CAPITULO 01.04: PROTECCIÓN CONTROL Y MEDIDA						
04.01	Armario Transformador				- €	12.012,00 €
04.02	Ensayos y puesta en marcha			2.307,28 €	- €	45.740,71 €
CAPITULO 01.05: INSTALACIONES 20KV						
05.01	Celda de Trafo			12.584,00 €		
05.02	Celda de Linea			50.336,00 €		
05.03	Celda de Ruptofusible SSAA			3.378,40 €		
05.04	L.S.M.T. Con conductor RHZ1-OL 12/20 kV 1x240 mm2 Al + H16			857,99 €		
05.05	Juego de botellas de interior cond. RHZ1-OL 12/20 kV 1x250 mm2			1.171,50 €		
05.06	L.S.M.T. Con conductor RHZ1-OL 12/20 kV 1x95 mm2 Al + H16			38,36 €		
05.07	Juego de botellas de interior cond. RHZ1-OL 12/20 kV 1x95 mm2			128,70 €		
05.08	Ud Juego de terminales enchufables de interior cond. RHZ1-OL 12/20 kV 1x240 mm2			418,28 €		
Los importes del presente cronograma son con I.V.A.		235.769,43 €	- €	144.575,67 €	- €	590.571,25 €